

BOIX 2

BOLETÍN INFORMATIVO XERAL

IES DE RODEIRA

2019/2020

OUTONO 2019

... AÍ VEÑEN!

NOVEMBRO 2019

Do 11 ao 15	ECOERASMUS MEDITERRÁNEO		
A profesora Beatriz Regueira realiza via Erasmus + un curso de educación ambiental en Chipre			
Do 11 ao 22	PIALE		Francia
O DPT de Francés participa no Programa Internacional de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras			
Martes 12	TERRITORIO CELESTE		Balaídos, Vigo
1º ESO visitará o estadio de Balaídos, cerna do celtismo, na busca da afouteza perdida			
Mércores 13	MAGOSTO	13:00	Patio
Polo San Martiño, filloas de sangue, castaña asada, trompos no camiño e a cara emborrallada.			
Xoves 14	ORIENTACIÓN UNIVERSAL		Auditorio, Cangas
Mostra comarcal da oferta educativa da Universidade de Vigo. Esperta do seu sono 2º BACH!			
Venres 15	DE CARAPUCHIÑA AO SEÑOR LAMOTE		Biblioteca
Charla do escritor Miguel Vázquez Freire presentando o seu último libro a 1º ESO			
Martes 19	DEPOEMPRENDE		Diputación, Pontevedra
O grupo de Iniciativa Emprendedora de 4º ESO recibirá a súa documentación empresarial			
Venres 22	DE PROFUNDIS		Afundación, Vigo
Semana de Cine Submarino. 1º ESO mergúllase nos espazos abisais onde mora o kraken			
Luns 25	CAMIÑO DA IGUALDADE	11:20 a 12:10	Paseo de Rodeira
Ata a Praza das Pontes, a paso consciente e comprometido fronte a violencia de xénero			
Mércores 27	GRANDE BATUCADA		Usos Múltiples, Música
En celebración do Día da Música, percusión harmónica da man da patrona Cecilia de Roma.			
DECEMBRO 2019			
Venres 6	PONTE DA CONSTITUCIÓN		
A festa civil enlaza ca fin de semana: tres días para meditar sobre a fugacidade do outono			
Mércores 11	NO CENTRO DA ENERXÍA CÓSMICA		Xenebra, Suiza
2º BACH/Ciencias visita o CERN do LHC, a sede da ONU e o chafarís do Lemán			
Luns 16/Mércores 18	PRIMEIRAS AVALIACIÓNS		
<i>Ad astra per aspera vel miserere mei vel do ut des, alea iacta est!</i>			
Martes 17	MULLERES DA MAR TENDIDA	De 10 a 12	Usos
Teatro de Adultos traballa sobre a memoria xeracional. Pases para 4º ESO e Bacharelato			
Venres 20	FIN DE TRIMESTRE/VACACIÓNS DE NADAL		
Entrega de notas e actividades diversas ao redor do solsticio. Boas Festas!			

O Trimestre de Inverno comezará o **MÉRCORES 8 de XANEIRO de 2020**

OUTUBRO 2019

...AÍ VAN!

Mércores 16	INCURSIÓN ETNOGRÁFICA	Museo Liste/Vigo
Excursión de Adultos ao Museo Liste, investigando a materia da cultura		
Xoves 17	A RITMO DE GOLPES	Afundación/Vigo
Teatro/Concierto de Percuseve ao redor da vida en Tecnópolis e as virtudes do rapeo		
Venres 25	RECORRENDO O MARCO	
Adultos explora as <i>sombras e paradoxos</i> de Jorge Martíns e o <i>salón dos espellos</i> de Gruber		
Mércores 30	AULAS DE ULTRATUMBA	
Concurso de Samaín. Morcegos, arañeiras, lesmes e meigas! Gran nivel xeral. Gaña 4º ESO B.		
Mércores 30	ALÓNXATE DA LUZ!	Usos
O alumnado de 1ºBACH/ANSO axudou a 1º e 3º ESO a afrontar os seus mais fondos terrores		
Xoves 31	A CONEXIÓN BÚLGARA	Sofía
O profesor Manuel Sánchez viaxa a capital búlgara, vía Erasmus+, para labores de espionaxe		
NOVEMBRO 2019		
Luns 4	DÍA DA CIENCIA EN GALEGO	Aulas/Galería
Bolboretas e anduriñas non saben de fronteiras. A ciencia tampouco. Papiroflexia en acción!		
Martes 5	VAS E VES AO BERBÉS?	Porto de Vigo
CM, CS e FPB Administrativo coñeceron as instalacións e o intenso funcionamento do Porto		
Venres 8	ANIMALADAS	Usos
Obradoiro da Protectora de Animais do Morrazo para 1º ESO		

AQUÍ ESTÁN.

DERRUBANDO FRONTEIRAS

Coma fai trinta anos en Berlín, hai que seguir derrubando fronteiras, convertendo as linguas en pontes, os muros en murais e as fechaduras que non nos deixan ir mais alá, en mirillas para fisgar.

eTwinning.

Mediante a plataforma educativa europea, o DPT de Francés establece unha ponte epistolar con Levante de Maia (Portugal) e, cruzando mares e océanos, un xogo de adiviñas con estudantes das illas de Corvo (Açores), Reunión, Mallorca, Ioannina (Grecia), Siracusa, Ozieri e Sassari (Cerdeña)

EMERXENCIA CLIMÁTICA

O Comando Verde xa está actuando. Información nos taboleiros do 1º andar. A supervivencia nunha civilización sostible e sensata esixe transformacións no propio facer e saber. Ti es o Comando Verde

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	TEATRO A REPLIKA Usos 16:30 a 17:30	CLUB de MÚSICA Usos 11:00 CLUB de LECTURA Biblioteca 15:00	CLUB dos DEBERES Biblioteca 16:15	CLUB de MANGA Usos 12:10
	BADMINTON ANPA Pavillón 16:00 a 17:00	TEATRO ABERTO Usos 18:30		TEATRO DESLINGUADOS Usos 19:40

OBRADOIROS DE ADULTOS De 16:00 a 20:30

Inglés, Lectura, Lingua para estranxeiros, Estimulación, Caderno de Bitácora, Historia, Xardín, Micoloxía, Filosofía, Guitarra, Música, Coro, Baile, Teatro, Informática e Instalacións eléctricas.